

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 29 DE XUÑO DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se regula a Comisión de Coordinación dos Fondos Comunitarios.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago, Camiño Francés, entre o lugar de Amenal e o límite do aeroporto de Lavacolla, no concello do Pino.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) a contratación do aluguer de dúas depuradoras de osmose inversa para levar a cabo a depuración dos lixiviados do depósito de Areosa" (NC0008/2012), cun valor estimado de catro millóns oitocentos corenta e seis mil seiscentos setenta euros con noventa céntimos (4.846.670,90 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Vigo, mediante o que se prorroga a vixencia do Consorcio Casco Vello de Vigo.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Deputación Provincial de Pontevedra, para o financiamento de actuacións encadradas nun proxecto de información e dinamización comercial na provincia de Pontevedra, financiado polo Feder no marco do programa operativo 2007-2013, por importe de douscentos trinta e nove mil trescentos catro euros (239.304,00 euros).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación sociocultural entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela, para a realización de obras e equipamentos en infraestruturas, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2007-2013, por importe total dun millón de euros (1.000.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela, para o apoio ao programa de formación de recursos humanos do Hospital Veterinario Universitario, por un importe total de setecentos dez mil dez euros (710.010,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Santiago de Compostela, para a xestión do servizo de comedor escolar en nove centros de ensino público non universitario do concello, polo importe máximo de sesenta e cinco mil euros (65.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Narón, para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros de ensino público non universitario do concello, polo importe máximo de cincuenta mil euros (50.000,00 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da cláusula adicional 5ª ao concerto do 1 de xuño de 2007 entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación pro Enfermos Mentais (APEM), para a reserva e ocupación de prazas para enfermos con trastorno mental persistente nos dispositivos complementarios de rehabilitación (lote 1- A Coruña), pola que se incrementa o número de prazas concertadas de unidade residencial, por un importe de sesenta e sete mil oitocentos setenta euros (67.870,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da cláusula adicional 3ª ao concerto de 1 de xuño de 2007 entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación pro Enfermos Mentais (APEM), para a reserva e ocupación de prazas para enfermos con trastorno mental persistente nos dispositivos complementarios de rehabilitación (lote 4 Carballo), pola que se incrementa o número de prazas no centro de rehabilitación psicosocial e laboral de Carballo, a partir do 1 de outubro de 2012, por un importe de dez mil euros (10.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da cláusula adicional 4ª ao concerto de 5 de xuño de 2007 entre o Servizo Galego de Saúde e a empresa Sierra Martiña, SL, para

a reserva e ocupación de prazas para enfermos con trastorno mental persistente nos dispositivos complementarios de rehabilitación (lote 19- Ourense), pola que se incrementa o número de prazas concertadas de unidade residencial, por un importe de sete mil catrocentos catro euros (7.404,00 euros).

- Acordo polo que se autoriza o sexto acordo de prórroga do concerto suscrito entre a Universidade da Coruña e o Servizo Galego de Saúde, no período do 1 de xullo de 2012 ata o 30 de xuño de 2013, por un importe total de un millón cento cincuenta e un mil cincocentos corenta e seis euros con noventa e oito céntimos (1.151.546,98 euros).
- Acordo polo que se autoriza o sétimo acordo de prórroga do concerto suscrito entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde, no período do 1 de xullo de 2012 ata o 30 de xuño, por un importe total de catro millóns seiscentos setenta e sete mil novecentos oito euros con oito céntimos (4.677.908,08 euros).
- Acordo polo que se autoriza o sexto acordo de prórroga do concerto suscrito entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde, no período do 1 de xullo de 2012 ata o 30 de xuño de 2013, por un importe total de cincuenta e oito mil setecentos dezanove euros con sesenta e sete céntimos (58.719,67 euros).
- Acordo polo que se autoriza a contratación pola Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol, da subministración enerxética prestacional e do servizo de mantemento e conservación de edificios, instalacións e equipamento do Hospital Arquitecto Marcide e do Hospital Naval de Ferrol, (AB-ASF1-12-012), por un importe de vinte e dous millóns catrocentos oitenta e catro mil oitocentos euros (22.484.800,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do inmovible do centro de saúde de Santa Cruz, feita a título gratuito polo Concello de Oleiros (A Coruña), a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do inmovible do centro de saúde de Irixoa feita a título gratuito polo Concello de Irixoa (A Coruña), a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión da parcela na que se sitúa o inmovible do centro de saúde de Moeche, feita a título gratuito polo Concello de Moeche (A Coruña), a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do inmovible do centro de saúde de San Sadurniño, feita a título gratuito polo Concello de San Sadurniño (A Coruña), a favor do Servizo Galego de Saúde.

- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do inmovible do centro de saúde de Arzúa, feita a título gratuito polo Concello de Arzúa (A Coruña), a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do inmovible do centro de saúde de Bembibre feita a título gratuito polo Concello de Val do Dubra (A Coruña), a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do inmovible do centro de saúde de Toques feita a título gratuito polo Concello de Toques (A Coruña), a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do centro de saúde de Ortigueira, feita a título gratuito polo Concello de Ortigueira (A Coruña), a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se toma coñecemento da superficie cedida no expediente de cesión dos inmovibles dos centros de saúde de Xanceda e de Visantofña, feita a título gratuito polo Concello de Mesía (A Coruña) a favor do Servizo Galego de Saúde, autorizada polo Consello da Xunta de Galicia con data do 19 de novembro de 2009 e se consideran incluídos na dita autorización os terreos cedidos polo acordo plenario do Concello de data do 20 de abril de 2010.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do inmovible do centro de saúde de Alfoz, feita a título gratuito polo Concello de Alfoz (Lugo), a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do inmovible do centro de saúde Riotorto feita a título gratuito polo Concello de Riotorto (Lugo), a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do inmovible do centro de saúde de Rábade feita a título gratuito polo Concello de Rábade (Lugo), a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo de autorización para a aceptación da cesión do inmovible do centro de saúde de Parada de Sil (Ourense), feita a título gratuito polo concello da dita localidade a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do inmovible do centro de saúde de Larouco, feita a título gratuito polo Concello de Larouco (Ourense), a favor do Servizo Galego de Saúde.

- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión dos inmobles do centro de saúde de Cartelle e Consultorio Médico de Outomuro, feita a título gratuito polo Concello de Cartelle (Ourense), a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión dos inmobles do centro de saúde de Vereá, feita a título gratuito polo Concello de Vereá (Ourense), a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do inmovible do centro de saúde de Piñor, feita a título gratuito polo Concello de Piñor (Ourense), a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do inmovible do centro de saúde de Vilaza, feita a título gratuito polo Concello de Monterrei (Ourense), a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do inmovible do centro de saúde de Coles, feita a título gratuito polo Concello de Coles (Ourense), a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do inmovible do centro de saúde de Viana do Bolo, feita a título gratuito polo Concello de Viana do Bolo (Ourense), a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do inmovible do centro de saúde de Caldas de Reis feita a título gratuito polo Concello de Caldas de Reis (Pontevedra), a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do inmovible do centro de saúde de Baltar - Adina (Pontevedra), feita a título gratuito polo Concello de Sanxenxo (Pontevedra), a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do centro de saúde de Marín, feita a título gratuito polo Concello de Marín (Pontevedra), a favor do Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento de actuacións no marco do II Plan Galego de

Inclusión Social, cofinanciado polo Fondo Social Europeo (Eixo 2, código 71 do P.O. do Fondo Social Europeo 2007/2013) e a establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Importe total: un millón setecentos noventa e oito mil trescentos vinte e oito euros con oito céntimos (1.798.328,08 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da memoria anual do Consello Consultivo de Galicia, de acordo co establecido polo artigo 14 da Lei 9/1995, do 10 de novembro, de creación do Consello Consultivo de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe acerca do estado hidrolóxico e das reservas de abastecemento para o inicio do verán.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a construción de 15 novos centros de saúde e ampliación do hospital do Salnés.

A XUNTA MELLORA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN DE FONDOS DA UE PARA GAÑAR EFICIENCIA NO OBXECTIVO DA CONVERXENCIA

- ***Este organismo garante que as intervencións dos fondos sexan coherentes coas prioridades da Xunta e da UE e complementen as políticas de desenvolvemento económico e social de Galicia***
- ***A composición adáptase ás competencias da nova estrutura orgánica do Goberno galego, con representación de todas as consellerías e as redes sectoriais de Igualdade, I+D+i, Medio Ambiente e Iniciativas Urbanas***
- ***Tamén coordinará e velará polo cumprimento das obrigas en información e publicidade dos plans de Comunicación do FEDER e do FSE e potenciará a difusión sobre a contribución que os fondos estruturais achegan a Galicia***

O Goberno galego aprobou hoxe un decreto que mellora o funcionamento da Comisión de Fondos Comunitarios co obxectivo de asegurar a coordinación e a complementariedade dos recursos estruturais e sectoriais para acadar os obxectivos establecidos no Marco Estratéxico de Convergencia Económica de Galicia 2007-2013 nos respectivos programas operativos e nas disposicións que sexan de aplicación.

Este organismo, que estará presidido polo director xeral de Planificación e Fondos da Consellería de Facenda, Francisco Javier Rodríguez Seijo, ten como misión garantir que as intervencións dos fondos sexas coherentes coas actividades, políticas e prioridades da Unión Europea e complementarias con respecto a outros instrumentos financeiros da Xunta de Galicia.

A nova estrutura orgánica da Xunta, establecida polo Decreto 1/2012, do 3 de xaneiro, comporta unha reasignación das competencias relacionadas coa xestión e seguimento dos programas operativos dos fondos comunitarios para o período 2007-2013 e tamén introduce cambios na adscrición dalgúns organismos ou entes.

Ademais, de cara á programación da política de cohesión para o novo marco do período 2014-2020, incorporaranse como membros do comité aos representantes que integran as redes sectoriais previstas no Marco Estratéxico Nacional de Referencia, polo que terán representación as de Igualdade, I+D+i, Medio Ambiente e Iniciativas Urbanas.

Así, na comisión estarán representados tódolos xestores de fondos mediante a presenza dos titulares das seguintes secretarías e direccións xerais: Dirección Xeral de Planificación e Fondos da Consellería de Facenda, Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía e Industria, Axencia Galega de Innovación, Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural e do Mar, Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo e Benestar, Secretaría Xeral de Igualdade da Presidencia da Xunta, Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente,

Territorio e Infraestruturas, Dirección Xeral de innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade e Secretaría Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.

Por outra banda, co fin de informar e difundir a contribución que os fondos estruturais achegan a Galicia, a Comisión de Coordinación intensificará as tarefas de coordinación e desenvolvemento dos Plans de Comunicacions do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) e do Fondo Social Europeo (FSE), polo que terá como nova función a de coordinar e velar polo cumprimento das actuacións en materia de información e publicidade.

Este organismo reunirse en sesión ordinaria tres veces ao ano e con carácter extraordinario cando sexa convocada pola presidencia, por iniciativa propia ou por petición da maioría simple dos seus membros.

CULTURA E EDUCACIÓN COMPLETA A DELIMITACIÓN OFICIAL DO CAMIÑO FRANCÉS ATA A SÚA CHEGADA A SANTIAGO CO TRAZADO DA RUTA AMENAL-LAVACOLLA

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á proposta para este tramo, o único que restaba para rematar o percorrido do Camiño Real ata a súa chegada a Santiago***
- ***Deste xeito a consellería abre a porta á recuperación total da principal ruta xacobeá***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén de completar a delimitación do Camiño Francés co visto e praxe do Consello da Xunta ao trazado do único tramo restante para completar a principal ruta xacobeá ata a súa chegada a Santiago de Compostela. Deste xeito, só faltaría delimitar o percorrido desde O Pino ata a Catedral dentro do propio concello de Santiago. Neste sentido, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural ten iniciado un estudo específico para analizar de xeito integral a incidencia das diferentes rutas xacobeas neste concello, co fin de realizar unha delimitación conxunta.

A Xunta de Galicia aprobou a delimitación do Camiño Real a través do Decreto 227/2011, polo que se delimita ademais o ámbito do ben de interese cultural e o ámbito secundario de influencia merecedor dunha protección ambiental adicional ao do territorio histórico. Estas dúas cuestións aprobáronse hoxe tamén para este tramo Amenal-Lavacolla, que non foi incluído no decreto de 2011 por ter sido obxecto de recursos contencioso-administrativos, admitidos a trámite, e estar pendente de resolución xudicial no momento da incoación do devandito expediente.

Para desbloquear a delimitación completa do Camiño e abrir a porta á súa recuperación, a Consellería elaborou unha nova proposta de delimitación, que pasou os preceptivos trámites e tivo en conta as alegacións recibidas. Así mesmo, recibiu o ditame favorable do pleno do Comité Asesor do Camiño de Santiago e a Comisión Territorial de Patrimonio Histórico da Coruña, a comisión constituída para o efecto na facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela e da Real Academia galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario. Tras estes trámites e a aprobación do trazado, inscribírase o tramo no Rexistro de Bens de Interese Cultural, e notificaráselle ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para o seu coñecemento.

Vestixios históricos

O itinerario aprobado hoxe axústase ás indicacións establecidas polo Decreto 227/2011 para as situacións nas que, coma nesta, o camiño histórico ten desaparecido ou está nun estado inviable. De acordo a isto, optouse polo trazado con vestixios históricos, identificando a antiga estrada de Lugo – do ano 1853- co trazado principal, tendo en conta ademais que posúe valores ambientais de maior calidade que outros do seu contorno e que o impacto sobre el do polígono industrial do Pino é menor que o doutras opcións.

Ademais, e para sortear a interrupción que supón sobre todos os camiños antigos e tradicionais o aeroporto de Lavacolla, establécese a prolongación da ruta polo camiño de Castrofeito, dirección norte ata o límite entre o concello do Pino e o de Santiago de Compostela.

A delimitación deste tramo supón unha mellora significativa posto que, en canto se proceda á súa sinalización, os peregrinos pasarán por ese camiño en vez de polo itinerario indicado na actualidade, que atravesa os terreos do polígono industrial polo medio. Desde o punto de vista patrimonial, favorécese a conservación e integridade do Camiño Real con base nunha das rutas históricas documentadas como Camiño de Santiago.

SOGAMA LICITA, POR UN IMPORTE CERCANO AOS CINCO MILLÓNS DE EUROS, O ALUGUER DE DÚAS DEPURADORAS DE OSMOSE INVERSA A INSTALAR NO VERTEDOIRO DE AREOSA

- *Unha delas substituirá a unha das tres existentes, cuxo contrato de aluguer está a punto de vencer. A outra será a nova depuradora que dará servizo á área de recrecido do vertedoiro, atendendo desta forma ás novas necesidades de depuración que xerará a fase que se encontra actualmente en explotación*
- *O contrato, establecido inicialmente para un período de tres anos, poderá ser prorrogado ata un máximo de catro, contemplando no mesmo a prestación dun servizo técnico de mantemento durante as 24 horas do día*
- *As depuradoras serán similares e traballarán de forma independente, contando cada unha delas cunha capacidade de tratamento para 180 metros cúbicos de lixiviado ao día, así como unha dispoñibilidade mínima mensual do 90 por cento e anual do 92 por cento*
- *O control do funcionamento integral das dúas instalacións realizarase en continuo e de forma automática a través dun sistema tipo SCADA, que contará cun rexistro histórico de almacenamento de datos non inferior a un ano*
- *O prego de condicións establece unha serie de garantías vinculadas á dispoñibilidade de ambas plantas e ás garantías de prazos, dando conta das correspondentes penalizacións, que nalgúns casos poden levar á resolución do contrato*

A Sociedade Galega do Medio Ambiente licita, por un período de tres anos, prorrogable ata un máximo de catro, e un importe de 4.846.670,90 euros, o aluguer de dúas depuradoras de osmose inversa para a depuración dos lixiviados xerados no vertedoiro de Areosa, infraestrutura situada no municipio coruñés de Cerceda na que se reciben os residuos que o complexo ambiental desta empresa pública, por falta de capacidade, non pode procesar.

Unha delas substituirá unha das tres existentes, cuxo contrato de aluguer está a punto de vencer. A outra será a nova depuradora que dará servizo á área de reenchedura do vertedoiro, atendendo desta forma a novas necesidades de depuración que xerará a fase que se encontra actualmente en explotación. Deste xeito, o complexo pasará de ter tres depuradoras de lixiviados a un total de catro.

O contrato inclúe igualmente a prestación dun servizo técnico para o mantemento e, se é o caso, reparación de ambas máquinas, que serán similares e traballarán de forma independente, contando cada unha delas cunha capacidade de tratamento para 180 metros cúbicos de lixiviado ao día, así como unha dispoñibilidade mínima mensual do 90 por cento e unha mínima anual do 92 por cento. Aínda que a operación destas se realizará por terceiros, o adxudicatario queda obrigado a impartir os correspondentes cursos de formación ao persoal encargado do seu funcionamento.

As dúas instalacións subministraranse por separado co obxectivo de permitir a súa mobilidade e, se fose necesario, o seu cambio de situación física no propio recinto do vertedoiro.

O control do funcionamento integral de cada depuradora realizarase automaticamente a través dun sistema tipo SCADA, dotado dun rexistro histórico de datos relativos a parámetros tales como caudal, presión, temperatura, vertedura, etc, que se almacenarán por un espazo de tempo non inferior a un ano.

Funcionamento das depuradoras

Unha serie de bombas aspirarán desde as balsas o lixiviado que se vai depurar, que se introducirá a continuación nuns filtros de area con sistema de limpeza a contracorrente. Tras a filtración e circulación polos módulos de membranas, obtense o permeado, que deberá cumprir coas condicións de vertido establecidas na Autorización Ambiental Integrada.

Este permeado almacenarase nun depósito de volume non inferior a 10 metros cúbicos, podendo ser vertido desde o mesmo á canle pública ou, se é o caso, ser reutilizado no propio proceso de depuración como achega de auga para as limpeza e rexeneracións necesarias (é o caso da limpeza dos filtros de area anteriormente referenciados).

As depuradoras permitirán controlar, en continuo e de forma automática, o pH, presións, caudais (de forma independente, tanto o lixiviado como o permeado e o concentrado), condutividade, niveis de tanque, temperaturas e, en xeral, todos aqueles outros equipos que sexan necesarios para obter información, en tempo real, do funcionamento das destas. Ademais, estas estarán dotadas dun mecanismo de seguridade que permitirá a autoprotección dos sistemas que as integran fronte a unha parada intempestiva.

Recepción con garantías

Con carácter previo á recepción das plantas depuradoras, o contratista procederá á entrega dun dossier no que figuren todos os documentos necesarios que acrediten o cumprimento da normativa vixente, incluíndo, entre outros, a entrega dos certificados de inspección emitidos por Organismos de Control Autorizados, os resultados das análíticas realizadas por un laboratorio independente acreditado pola ENAC e o informe de produción emitido durante a realización das probas de posta en marcha, debendo incluír no mesmo datos relativos aos volumes de lixiviado tratado e permeado á saída das depuradoras, así como volume de permeado en tanque, ademais doutros relativos ao consumo de reactivos, incidencias, etc.

Así mesmo, o adxudicatario deberá estar dispoñible, en calquera momento e de forma inmediata, as 24 horas do día, encargándose do servizo de mantemento, tanto preventivo como correctivo, para o que contará, nas propias instalacións ou nas súas proximidades, cun stock de repostos mínimos (filtros, membranas, sondas de pH, pechaduras mecánicas para a bombas, etc).

Penalizacións

O prego establece unha serie de garantías vinculadas, entre outros aspectos, á dispoñibilidade por demoras no tratamento de lixiviados, en cuxo caso Sogama poderá aplicar unha penalización do 5 por cento do importe total facturado nos últimos tres meses do contrato por cada día de atraso, ata un máximo do 10 por cento.

Tamén se alude a garantías de rendemento, que, de atoparse por baixo do ofertado polo adxudicatario, levará consigo unha penalización do 10 por cento da partida fixa anual, podendo dar lugar á resolución do contrato se non é corrixido no prazo máximo de dous meses, así como a garantías de calidade para o permeado, establecendo unha penalización do 10 por cento se se detectan verteduras cuxos valores estean por encima do límite establecido, e iso con independencia da reclamación por danos e prexuízos que corresponda, así como o pago das sancións que emita a administración competente.

No caso de incumprimento dos prazos de entrega na execución da obra civil, instalacións e posta en marcha das depuradoras, aplicarase unha penalización do 5 por cento do importe do contrato por cada semana de atraso, ata un máximo do 10 por cento.

Antecedentes

En maio de 2009, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas contratou unha auditoría, ambiental e técnica, das instalacións de Sogama co fin de comprobar o "estado de saúde" das mesmas, procedendo, de ser o caso, a emendar de forma inmediata os problemas existentes.

Se ben os resultados desta auditoría constataron un funcionamento razoable do complexo ambiental, non foi así no caso do vertedoiro, no que se diagnosticaron distintas deficiencias técnicas e de xestión, entre as que se detectaron problemas nos sistemas de depuración de lixiviados.

No marco dun plan de acción posto en marcha para corrixir as devanditas deficiencias, procedeuse á substitución de dúas das tres depuradoras existentes, o que derivou no aluguer de dous equipos de osmose inversa operados por un sistema de autómatas que controlan, en continuo e en tempo real, parámetros tales como pH, presións, caudais, lixiviado, permeado, condutividade, niveis en tanques e temperaturas, permitindo que a auga só sexa vertida a cauce cando cumpra coas condicións de vertido establecidas na Autorización Ambiental Integrada (AAI).

A terceira das máquinas existentes, cuxo contrato vence proximamente, será substituída por unha nova máquina.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A PRÓRROGA DO CONVENIO DO CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO MENTRES SE TRAMITAN OS NOVOS ESTATUTOS

- ***Prevese que o Consorcio continúe co seu labor de rehabilitación ata finais de 2017***
- ***A prórroga é necesaria mentres se tramitan os novos estatutos, cuxa modificación foi aprobada polo consello de administración do Consorcio no mes de marzo.***
- ***O convenio inicial, asinado en febreiro de 2005, expirou o ano pasado, pero a Xunta considerou que era necesario manter o labor de rehabilitación que está a levar a cabo no casco vello de Vigo.***
- ***A Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, é o socio maioritario do Consorcio, co 90 por cento do seu capital. O 10 por cento restante corresponde ao Concello de Vigo***
- ***Actualmente o Consorcio Casco Vello de Vigo é propietario de 54 inmobles, dos que 15 xa están rehabilitados e nos que se obtiveron 52 vivendas e 13 locais comerciais***
- ***Ademais, na actualidade están en execución as obras de rehabilitación doutros 20 inmobles en ruínas no contorno do Castelo de San Sebastián, que posibilitará a creación de 30 novas vivendas e 7 locais comerciais***

O convenio entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o concello de Vigo que regula o funcionamento do Consorcio do Casco Vello de Vigo (CCVV) continuará vixente nas actuais condicións ata o 31 de decembro de 2012, co obxectivo de dar tempo á aprobación dos novos estatutos do Consorcio, cuxo expediente está actualmente en tramitación. Con este fin, o Consello da Xunta de Galicia aprobou a sinatura do convenio de colaboración que establece a prórroga, ata finais de 2012, do convenio vixente na actualidade.

O convenio de creación do Consorcio do Casco Vello de Vigo, asinado en febreiro de 2005, establecía a súa vixencia ata 2011, pero a Xunta de Galicia considerou necesario prolongar os traballos de recuperación da zona vella de Vigo que está executando o Consorcio, de maneira que propuxo unha modificación dos estatutos que permitan a continuidade deste organismo.

Con tal fin, o consello de administración do Consorcio Casco Vello de Vigo, na sesión que tivo lugar o 21 de marzo de 2012 acordou modificar os seus estatutos, incluíndo entre as ditas modificacións a duración do convenio ata o 30 de decembro de 2017. O dito expediente atópase na actualidade en tramitación.

Ata 2011 o Consorcio do Casco Vello de Vigo financiouse a través das achegas dos dous socios que o compoñen, o Instituto Galego da Vivenda e Solo, propietario do noventa por cento do seu capital, e o Concello de Vigo, propietario do dez por cento restante.

En función da dita distribución de capital, o IGVS leva investidos no Consorcio un total de 27 millóns de euros dos 30 que compoñen o seu capital social.

Os novos estatutos, que se atopan en tramitación, establecen que, unha vez que o Consorcio está dotado do capital necesario para o seu funcionamento, se financie con fondos propios, reinvestindo os ingresos obtidos por vendas e alugueiros das vivendas e locais comerciais rehabilitados.

Balance do CCVV

Actualmente o Consorcio Casco Vello de Vigo é propietario de 54 inmobles, dos que 15 xa están rehabilitados e nos que se obtiveron 52 vivendas e 13 locais comerciais.

Destas 52 vivendas, 34 sorteáronse como vivendas de protección autonómica en réxime de compravenda a prezo concertado, 12 foron asignadas en réxime de alugamento e 5 destináronse a realoxos.

Na actualidade xa son 31 as familias que residen na zona vella de Vigo tras as distintas adjudicacións levadas a cabo polo IGVS –tanto no réxime de compravenda coma de alugueiro- e, nos vindeiros meses seguirán sumándose novas familias que están pendentes de formalizar a sinatura das súas escrituras e hipotecas.

No que respecta aos 13 locais comerciais, un xa está ocupado pola sede de APEC, mentres que o resto se sacaron a concurso público para adjudicarse en aluguer a novos emprendedores que están abrindo os seus negocios nas rúas do núcleo histórico. Mozos cunha media de 35 anos e con novos proxectos empresariais relacionados coa fotografía, deseño gráfico e venda de produtos ecolóxicos, entre outros, instalaranse no Casco Vello.

Ademais, na actualidade están en execución as obras de rehabilitación doutros 20 inmobles en ruínas no contorno do Castelo de San Sebastián -na parte alta do barrio antigo- que posibilitará a creación de 30 novas vivendas e 7 locais comerciais.

As obras son as relativas ás promocións das rúas Ferraría 25-27-29-31, Ferraría 33-35; ao cuarteirón Castelo-San Sebastián (Hortas 10-12, San Sebastián 8-12-14) e ao cuarteirón Ferraría-San Sebastián (que corresponde aos números 11,13,17,19 da rúa Ferraría e 3,5,7 de San Sebastián). Estas actuacións de recuperación de inmobles supoñen un investimento superior aos 3,5 millóns de euros e a previsión é que os traballos de rehabilitación estean rematados ao longo deste ano 2012.

O Consorcio Casco Vello de Vigo tamén formalizou en 2011 o convenio de colaboración co Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España para que a sede e oficinas dos rexistros da propiedade da cidade se instalen no barrio antigo durante polo menos dez anos. A futura sede trasladarase a catro inmobles propiedade do CCVV situados nos números 29, 31 e 33 da rúa Real, e no número 26 da rúa Alta, o que

suporá un paso importante no que a dinamización e revitalización integral do barrio histórico se refire. A venda dos catro inmobles reportará un total de case 3,4 millóns de euros que o CCVV destinará a novas adquisicións para seguir co traballo de recuperación.

Finalmente, tamén se instalará no núcleo vello de Vigo o Rexistro Civil. Con tal fin, o Consello da Xunta de Galicia autorizou o pasado dous de decembro unha modificación dos estatutos do Consorcio para facilitar que este lle venda á Xunta unha parcela dotacional situada no número 13 da rúa San Sebastián, que conta cunha superficie total de 318 metros cadrados, ademais dun local situado no número 24 da rúa Abeleira Menéndez, de 67 metros cadrados, cuxo inmovible foi rehabilitado polo Consorcio. O novo Rexistro Civil de Vigo levantarase na devandita parcela.

A XUNTA IMPULSA O COMERCIO DE PROXIMIDADE PONTEVEDRÉS COA POSTA EN MARCHA DE ACTUACIÓNS DE MELLORA DA SÚA COMPETITIVIDADE E PROMOCIÓN

- ***O programa de dinamización comercial conta cunha dotación da Consellería de Economía e Industria de 240.000 euros para 2012***
- ***O novo convenio de colaboración entre a Xunta e a Deputación de Pontevedra permitirá continuar con actuacións como a campaña “Merca na rúa”, a adecuación de novos espazos para a prestación de asesoramento aos comerciantes e a modernización dos mercados municipais de Pontevedra***
- ***En base a esta estratexia, enmarcada dentro do Plan Ágora – Agora ReComercia, creouse a Rede de Dinamización Comercial (Re-Dic) que integra a centros comerciais abertos e asociacións como puntos de información ao comerciante***
- ***A oficina Re-Dic de Pontevedra, xunto coas entidades locais, elaborou o primeiro mapa de situación dos Mercados Municipais da provincia***

O Consello da Xunta de Galicia vén de autorizar o convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Deputación Provincial de Pontevedra para continuar avanzando na mellora competitiva e dinamización do comercio de proximidade grazas ao impulso dos servizos de apoio, asesoramento e promoción do comercio, un acordo que se enmarca dentro da estratexia de colaboración que está a manter o Goberno galego coas deputacións da comunidade.

Esta iniciativa permitirá seguir co desenvolvemento do programa de apoio aos comerciantes pontevedreses, cunha achega da Consellería que dirixe Javier Guerra que suma 240.000 euros, neste exercicio. Esta actuación, enmarcada dentro do Plan Ágora, Agora Re-Comercia ten, entre outros obxectivos, acadar a descentralización e a proximidade das accións da Xunta a prol da competitividade do comercio galego, para maximizar a eficacia das políticas de apoio ao sector.

Esta estratexia ten permitido a creación da Rede de Dinamización Comercial (Re-Dic) que integra os centros comerciais abertos e as asociacións de comerciantes, como puntos de información ao comerciante, de xeito que a rede conta con 54 puntos de información en toda Galicia, 24 deles en Pontevedra.

Ao abeiro deste convenio creouse unha oficina Re-Dic específica de comercio para a provincia e o seu traballo está a permitir o deseño dun plan director en materia de comercio para Pontevedra, ademais de ter feito posible a colaboración de tódalas entidades locais para a elaboración do primeiro mapa de situación dos Mercados Municipais da Provincia, xunto co inventario dos seus equipamentos e servizos, destinado a obter unha diagnose certa das súas necesidades e fortalezas competitivas.

Outra das actuacións destacables deste convenio de colaboración é a posta en marcha dunha aula de formación especializada en escaparatismo e visualmerchandising que permite levar a cabo accións de formación específica de cara á profesionalización e mellora do sector.

Por outra banda, a colaboración establecida coa Deputación Provincial permitirá a instalación de 3 novos totem interactivos en mercados municipais da Provincia, dando continuidade ao proxecto demostrativo que xa permitiu a instalación destes puntos de información para achegar información útil aos consumidores sobre o mercado e tamén sobre as posibilidades turísticas da zona nas prazas de Porriño, O Grove, Portonovo, Bueu e Caldas de Reis.

Ademais, este convenio permitirá continuar coa campaña de promoción do comercio de proximidade *Merca na rúa*, na que os clientes do comercio local ven incentivadas as súas compras co obsequio de participacións para un sorteo de vales de compra para consumir no pequeno comercio da vila. *Merca na rúa*, que botou a andar no ano 2009, chegou nestas tres edicións a vinte concellos da provincia de Pontevedra e o pasado ano acadou unha participación de máis de 500 comercios.

Con este novo acordo, a Consellería está a promover o desenvolvemento e a mellora da asistencia técnica ao comercio procurando unha ordenación comercial equilibrada do territorio, tendo en conta o pequeno comercio da Provincia de Pontevedra representa o 82% do total da actividade comercial.

CULTURA E EDUCACIÓN APOSTA POLA FORMACION E O EMPREGO COA ACHEGA DE 1 MILLÓN DE EUROS PARA COLABORAR NA CONSTRUCCIÓN DO CENTRO NACIONAL QUE FORMARÁ EN MATERIA DE REHABILITACIÓN

- ***O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura dun convenio para recuperar o edificio da antiga curtidoría de Pontepedriña que albergará este centro***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Consorcio da Cidade de Santiago asinarán un convenio de colaboración para a recuperación da antiga curtidoría de Pontepedriña, que albergará o Centro Nacional de Formación en materia de Rehabilitación da Fundación Laboral da Construcción. Deste xeito, a Consellería aposta pola formación de profesionais e polo emprego, coa súa decidida implicación neste centro de referencia, único no territorio nacional, no que se formará a persoas nas competencias vinculadas á rehabilitación e ao mantemento de edificios e espazos públicos. Esta colaboración é, ao mesmo tempo, unha dobre aposta do departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad pola conservación e recuperación do noso patrimonio. Por unha banda, polo papel do centro como institución formadora de traballadores cualificados e de futuros formadores nesta materia; por outra, polo alto valor patrimonial, arquitectónico e etnográfico desta fábrica de curtidos con orixe no século XVIII.

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a este acordo, no que se investirán máis de 4,5 millóns de euros, dos que a Consellería achegará un millón de euros. Con esta achega a consellería financiará obras nas cubertas da edificación existente, o que permitirá evitar a progresiva deterioración destas construcións que actualmente están a intemperie. Así mesmo consolidaranse os muros do conxunto, evitando a súa progresiva deterioración e garantindo a súa estabilidade e conservación.

Ao abeiro deste investimento, realizaranse os traballos de instalacións xerais e infraestruturas para a entrada en funcionamento das superficies acondicionadas, obras indispensables para garantir a conservación do significativo valor cultural do patrimonio histórico que representa a curtidoría de Pontepedriña. A rehabilitación da vella tendería desenvolverase en varias fases. Unha vez finalizadas as obras correspondentes ao investimento da Consellería- primeira fase das que se van realizar- as instalacións entrarán xa en funcionamento.

O Centro Nacional de Formación en materia de Rehabilitación chegará a Santiago grazas á unión de forzas entre o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia - consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Traballo e Benestar e Cultura, Educación e Ordenación Universitaria-, o Consorcio da cidade de Santiago de Compostela e a Fundación Laboral da Construcción. Será, precisamente, esta última entidade a que xestione o centro, do que sairán profesionais coa máxima cualificación que, co seu labor, contribuirán á recuperación do patrimonio cultural galego, e que poderán transmitir

e poñer en práctica os seus coñecementos sobre outros exemplos patrimoniais a nivel internacional.

Valor patrimonial

As actuacións de rehabilitación dan conta do compromiso do departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad co acondicionamento e equipamento de infraestruturas que achegan un valor patrimonial a Galicia e que non se poden usar por non estar en condicións óptimas, e así protexer e valorizar o noso patrimonio cultural e natural.

Trátase, ademais, de actuacións comprendidas dentro do Programa Operativo Feder Galicia 2007-2013, no eixe 5, tema prioritario 58 e actuación 1 e teñen como fin asegurar que bens con un alto valor patrimonial, arquitectónico e etnográfico, que están en situación de abandono, poidan ser rehabilitados e así garantir que estas actuacións sexan operativas e respondan ás demandas sociais da poboación.

CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA APROBA UN PROGRAMA DE APOIO Á INVESTIGACIÓN PARA O HOSPITAL VETERINARIO ROF CODINA

- ***Achegaranse 710.000 euros para financiar as accións do Programa no eido científico da veterinaria, que impulsará as actividades científicas no Campus de Lugo***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria financiará o programa de formación de profesionais no eido científico da veterinaria ao abeiro do convenio aprobado hoxe polo Consello da Xunta, de acordo co que se achegarán 710.000 euros para financiar as accións de formación de talento no Hospital Veterinario Rof Codina, do campus de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Deste xeito, o departamento educativo da Xunta de Galicia financiará as liñas de actuación que constitúen este programa, que teñen en conta as necesidades específicas do Sistema Universitario Galego no ámbito veterinario, atendendo á dobre función de intensificación da formación de posgrao e de fomento da formación de tecnólogos. Así, ofertarase un mínimo de 22 prazas no programa de Posgrao en clínica de grandes e pequenos animais en réxime de internado no Hospital Veterinario, co obxectivo preparar os licenciados veterinarios para o posterior acceso ao programa de residencia para acadar formación e experiencia que facilite afrontar o exercicio profesional. Ademais, haberá un mínimo de 3 prazas para a formación e capacitación de tecnólogos para completar a actividade dos servizos asistenciais en veterinaria.

A Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela (Campus de Lugo) vincúlase co Hospital Clínico Veterinario, xestionado pola Fundación Rof Codina.

O Hospital veterinario cubre non só as necesidades docentes e de investigación da devandita facultade, senón que tamén leva a cabo actividades de investigación e desenvolvemento científico-tecnolóxico e de formación de profesionais sanitarios en novas tecnoloxías médico-cirúrxicas. Actúa, ademais, como polo de referencia a nivel de todo o noroeste peninsular para a investigación en medianos e grandes animais, e serve de apoio aos grupos de investigación do Sistema Universitario de Galicia (SUG) para a realización de ensaios clínicos con medicamentos en fase de desenvolvemento.

Polo de referencia

A través deste convenio, a Consellería dá unha nova mostra do seu compromiso coa formación de investigadores e profesionais de alto nivel nas universidades galegas. En concreto, contribúese a favorecer que o Campus de Excelencia Internacional 'Campus Vida' da USC avance na súa decidida vocación de se converter nun dos primeiros clústers biotecnolóxicos a nivel europeo.

Neste sentido cómpre destacar a importancia do Hospital Veterinario Rof Codina na investigación científica en grandes e pequenos animais; que xunto co CEBEGA, aínda en construción no campus de Santiago e vinculado a Facultade de Medicina e o Complexo Hospitalario Universitario da cidade (CHUS), completan as infraestruturas de investigación para investigación baseada en modelos animais do Sistema Universitario de Galicia.

CULTURA E EDUCACIÓN COMPLETA A SÚA COLABORACIÓN COS CONCELLOS COA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR A 620 USUARIOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E NARÓN

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dos acordos con Santiago de Compostela e Narón***
- ***Deste xeito complétase a colaboración xa aprobada cos concellos de Ames, Ferrol, Muíños, Mugardos e Cangas do Morrazo***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asinará convenios de colaboración cos concellos de Santiago de Compostela e Narón, grazas ao que se facilitará a 620 usuarios acceder a este servizo complementario.

Deste xeito complétase a colaboración da Xunta de Galicia cos entes locais, grazas á que, un investimento de máis de 275.100 euros, facilitará a prestación deste servizo a máis de dous milleiros de usuarios. Cómpre lembrar, neste sentido, que o Consello da Xunta da semana pasada autorizou a sinatura de convenios en termos similares cos concellos de Ames, Ferrol, Mugardos, Muíños e Cangas do Morrazo.

No concello de Santiago, a Consellería apoiará a xestión dos comedores dos CEIP Apóstolo Santiago, Ramón Cabanillas, Cardeal Quiroga Palacios, Roxos – Vilvestro, Monte dos Postes, Mestre Rodríguez Xixirei, Fontiñas, Vite I, Raíña Fabiola. No caso de Narón, o servizo subvencionado prestarase nos CEIP A Solaina, A Gándara, Virxe do Mar e do Feal.

Ao abeiro destes acordos de colaboración, a Consellería subvencionará os menús dos comensais durante todo o curso escolar. Pola súa banda, os concellos comprométese á elaboración dos menús escolares, a repartición e recolla deles nas mesas do comedor; así como ao coidado e asistencia do alumnado durante as comidas.

Con este acordo a Consellería dá mostra do seu compromiso coa comunidade educativa de ambos os concellos, especialmente no que toca ás actuacións impulsadas a prol da conciliación entre a vida escolar a o traballo das familias da cidade de Santiago e de Narón.

SANIDADE DESTINA MÁIS DE 85.000 EUROS PARA NOVAS PRAZAS EN DISPOSITIVOS DE REHABILITACIÓN PARA ENFERMOS CON TRASTORNO MENTAL PERSISTENTE

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe vén de aprobar tres proxectos de acordo por un importe total de 85.274 euros, polos que se autoriza a sinatura dunha cláusula adicional aos concertos entre o Sergas e a Asociación pro Enfermos Mentais (APEM) e a entidade Sierra Martiñá, para a reserva e ocupación de prazas para enfermos con trastorno mental.

Respecto de APEM, por mor desta iniciativa do Executivo galego, increméntanse en cinco o número de prazas concertadas da unidade residencial da Coruña, situada no Concello de Cee, e noutras cinco no Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral de Carballo, por un importe total de 77.870 euros, e respecto de Sierra Martiñá, Sanidade increméntase en dous o número de prazas concertadas na unidade residencial de Ourense, por un importe de 7.404 euros.

Esta iniciativa enmárcase no proceso posto en marcha polo departamento que dirixe Rocío Mosquera destinado a completar e finalizar a reforma psiquiátrica en Galicia.

Para cumprir este fin, os obxectivos son manter o enfermo na comunidade, evitando a cronificación e o seu ingreso, utilizar o recurso asistencial que máis beneficio lle reporte ao paciente, e mellorar a eficiencia dos dispositivos dispoñibles, ademais de implicar aos profesionais na súa xestión.

Na actualidade, entre os dispositivos de rehabilitación para enfermos mentais en Galicia, están as unidades hospitalarias, e os recursos concertados con entidades, que comprenden as unidades de apoio comunitario (42 pisos con 192 prazas), os centros de rehabilitación social e laboral (899 prazas), e as unidades residenciais (4 residencias con 80 prazas). Para o presente ano, pois, o Servizo Galego de Saúde aumenta estas prazas en doce, 5 nas unidades de apoio social e 7 nas unidades residenciais.

SANIDADE COLABORARÁ COAS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS EN MATERIA DOCENTE, ASISTENCIAL E DE INVESTIGACIÓN

- ***O Consello da Xunta autoriza a prórroga dos concertos subscritos entre o Servizo Galego de Saúde e as universidades de Santiago, A Coruña e Vigo, asinados no ano 2001***
- ***A cantidade total dos concertos asinados ascende a 5,8 millóns de euros***

A Consellería de Sanidade vai destinar ás tres universidades galegas, para o período correspondente entre o 1 de xullo de 2012 e ata o 30 de xuño de 2013, a cantidade de 5.888.173 euros, no marco da utilización das institucións sanitarias na investigación e docencia universitarias.

Para tal efecto, o Consello da Xunta vén de autorizar a prórroga dos concertos subscritos entre o Servizo Galego de Saúde e as universidades de Santiago, A Coruña e Vigo, asinados no ano 2001, para colaborar nos aspectos docentes, asistenciais e de investigación.

Así, grazas a esta colaboración entre as tres universidades galegas e o Servizo Galego de Saúde coopérase, entre outros obxectivos, no mantemento da cualificación dos profesionais da saúde ao seu máis alto nivel e trabállase para que as investigacións e ensinanzas universitarias relacionadas coas ciencias da saúde poidan ser utilizadas para a mellora constante da atención sanitaria.

Ademais, poténciase a investigación das ciencias da saúde, coordinando as actividades das universidades coas das institucións sanitarias para unha mellor utilización dos recursos humanos.

Igualmente, favorécese o desenvolvemento de departamentos universitarios nas áreas da saúde, potenciando a súa coordinación coas unidades de investigación dos hospitais e demais centros sanitarios.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DUN PLAN INTEGRAL DE EFICIENCIA ENERXÉTICA PARA OS HOSPITAIS DA ÁREA SANITARIA FERROLÁ POR UN IMPORTE SUPERIOR ÓS 22 MILLÓNS DE EUROS

- *O aforro estimado para os vindeiros 8 anos, tempo de execución das prestacións, é duns 10 millóns de euros*
- *Afrontaranse as actuacións de mellora e renovación de instalacións que sexan necesarias para garantir un aforro enerxético mínimo do 20%*
- *As claves para a Área Sanitaria de Ferrol son a renovación de caldeiras e outros equipos por outras de alta eficiencia enerxética; e a substitución do gasóleo polo gas natural e a biomasa como combustible primario*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o expediente para a contratación da subministración enerxética prestacional e do servizo de mantemento e conservación de edificios, instalacións e equipos nos hospitais Arquitecto Marcide e o Naval da Área Sanitaria de Ferrol. Así, intégranse nun único contrato a xestión da Subministración Enerxética Prestacional (SEP) e o mantemento co fin de que se poidan afrontar as actuacións de mellora e renovación das instalacións que sexan necesarias.

A Subministración Enerxética Prestacional (SEP) refírese á subministración de enerxía útil xa transformada de xeito permanente e sen interrupcións, entendéndose por enerxía útil aquela enerxía eléctrica, térmica e frigorífica que se subministra para uso finalista. O adxudicatario subministrará a enerxía para o correcto funcionamento das instalacións e equipos eléctricos, de climatización e de auga quente sanitaria.

É a primeira vez que se leva a cabo en institucións sanitarias de España un plan de eficiencia enerxética destas características que permitirá manter a mesma calidade nos servizos, optimizando recursos económicos, e protexendo o ambiente. No caso da Área ferrolá, a proposta de adxudicación deste Plan Integral de Eficiencia Enerxética alcanza un importe de 22.484.800 euros, para un período de 8 anos.

O adxudicatario deberá garantir actuacións de mellora nas instalacións e responsabilizarse do seu mantemento coa fin de acadar un aforro enerxético mínimo dun 20%. O aforro económico total previsto para toda a duración do contrato, oito anos, é superior a 10,2 millóns de euros.

Melloras clave

Grazas a esta iniciativa do departamento que dirixe Rocío Mosquera, a adxudicación deste Plan supón pasar dun modelo tradicional de subministración de enerxía eléctrica e combustibles a un modelo prestacional con requirimentos de calidade térmica ambiental, de iluminación e de calidade do ar interior.

Establécese que o adxudicatario asuma a responsabilidade da subministración, transporte, transformación, distribución e xestión das enerxías en tódalas súas

modalidades; conseguindo optimizar o consumo enerxético; e contribuíndo e mantendo un hospital enerxeticamente eficiente, sen menoscabo do confort térmico e lumínico, da calidade da ar interior, da seguridade e fiabilidade eléctricas; e garantindo durante o período de vixencia do contrato o cumprimento da normativa de seguridade industrial vixente en cada momento.

As claves para a Área Sanitaria de Ferrol son, entre outras cuestións, a renovación de caldeiras e outros equipos por outras de alta eficiencia enerxética; e a substitución do gasóleo polo gas natural e a biomasa como combustible primario, co consecuente aumento da eficiencia enerxética e consecuentemente aforro económico.

Destaca a implantación do sistema térmico con base na biomasa tipo *pellet*, compatible con estela, formado por caldeiras e un sistema de silo de almacenamento, sistemas de alimentación de biomasa, de regulación e control, e retirada automática de cinzas.

Con esta iniciativa, contribúese á sustentabilidade do sistema sanitario público galego, reducindo o custo da subministración enerxética. De xeito paralelo, promóvese o respecto ao ambiente mediante actuacións de eficiencia na xestión enerxética e garátese o confort e a habitabilidade das instalacións sanitarios aos usuarios e profesionais.

A XUNTA AUTORIZA A CESIÓN DE INMOBLES E PARCELAS DE 25 CENTROS DE SAÚDE A FAVOR DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- ***En cumprimento do protocolo asinado entre a Consellería de Sanidade e a Fegamp no ano 2006***
- ***O Goberno galego fai un gran esforzo económico no escenario orzamentario actual para o apoio a estes concellos***
- ***Ata abril de 2010, co novo goberno da Xunta de Galicia, non se levará a cabo a asunción dos custos de ningún centro de saúde***

O Consello da Xunta autorizou a aceptación da cesión a título gratuíto dos inmobles e as parcela de 25 centro de saúde, dispensarios e puntos de atención continuada (PAC) feito por 23 concellos a favor do Servizo Galego de Saúde. En cumprimento do protocolo do Pacto Local asinado entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a FEGAMP, o Sergas asumirá os custos de mantemento destes centro de saúde de titularidade municipal.

Con estes 25 centros que agora se asumen, se terá transferida ao Sergas a titularidade de 51 centros de saúde, dato ao que se terá que sumar o de 38 novos centros de saúde, construídos ou en construción, nos que o Sergas asume dende o inicio a titularidade e a integridade dos seus gastos de funcionamento. En total 89 centros de acordo coa seguinte distribución territorial 36 centros de saúde na provincia da Coruña, dez na de Lugo, 21 na de Ourense, e 22 na de Pontevedra.

No ano 2006 a Xunta de Galicia e a FEGAMP acordaron que a Administración autonómica se faría cargo dos custos de mantemento dos centros de saúde, dispensarios e PAC situados en edificios de titularidade municipal. No entanto, ata abril de 2010, co novo goberno da Xunta de Galicia, non se levou a cabo a asunción dos custos de ningún centro de saúde.

En concreto, a Xunta de Galicia autoriza a aceptación da cesión na provincia de Ourense dos centros de saúde de Coles, Larouco, Outomouro e Cartelle (no concello de Cartelle), Piñor, Vereas, Vilaza (no concello de Monterrei); Viana do Bolo, e Parada de Sil. Na provincia de Lugo dos centros de saúde de Alfoz, Rábade, e Riotorto; e na provincia de Pontevedra dos centros de saúde de Marín, Baltar (no concello de Sanxenxo), e Caldas de Reis. Na provincia da Coruña autoriza a aceptación dos centros de saúde de Xanceda e de Visantón (concello de Mesía), Ortigueira, Bembibre (no concello de Val do Dubra), Moeche, San Sadurniño, centro de saúde e PAC de Arzúa, Toques, Irixoa, e Santa Cruz (no concello de Oleiros).

A asunción dos custos de mantemento dos centros de saúde por parte da Xunta de Galicia supón un alivio importante para o estado financeiro dos concellos. Deste xeito, liberados deste gasto, poderán atender mellor outras necesidades da cidadanía. Neste

sentido, cómpre destacar que, no momento de dificultades orzamentarias de todas as administracións públicas, a situación das facendas locais é especialmente delicada, polo que esta iniciativa da Xunta de Galicia vai ter unha repercusión de especial importancia na poboación dos concellos.

A XUNTA DESTINARÁ DURANTE ESTE ANO PRETO DE 1,8 MILLÓNS DE EUROS AO DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE INCLUSIÓN

- *Dezanove equipos de técnicos desenvolven accións de alcance comarcal a prol da inserción social e laboral de persoas en situación ou grave risco de exclusión*
- *Os distintos servizos e accións do plan chegaron o pasado ano a 2.345 persoas das que 767 accederon a un posto de traballo*
- *Este investimento inscribese na aposta da Xunta pola inclusión, que xa se ten reflectido no aumento do orzamento da RISGA nun 13 por cento este ano ou na aprobación polo Consello da Xunta da nova Lei de inclusión*

A Consellería de Traballo e Benestar achegará este ano 1.798.328 euros para o desenvolvemento por parte do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar de actuacións no marco do II Plan Galego de Inclusión Social 2007-2013. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio para a realización da devandita achega.

O II Plan Galego de Inclusión Social está cofinanciado polo Fondo Social Europeo e pola Xunta de Galicia e é xestionado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Así, o Consorcio conta con 18 oficinas de inclusión en distintos concellos das catro provincias galegas dende as que equipos de técnicos traballan con alcance comarcal a prol da inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos. A estes, súmase un máis que desenvolve este labor no Centro Penitenciario de Teixeiro.

O obxectivo principal deses equipos é promover a inserción social e laboral dos colectivos en situación ou risco grave de exclusión social mediante o desenvolvemento de itinerarios personalizados e integrais de inserción, dende unha perspectiva ligada ás potencialidades do territorio e ao seu tecido social e produtivo.

Eses itinerarios, deseñados polos técnicos coa participación activa das persoas destinatarias, inclúen un conxunto de servizos, prestacións e accións de orientación, formación e emprego e, cando as circunstancias así o requiren, actividades de desenvolvemento persoal e de adquisición de habilidades sociais.

O pasado ano, o total de persoas que se beneficiaron das distintas accións do II Plan Galego de Inclusión Social foi 2.345 e delas 767 accederon a un posto de traballo. Dende o ano 2008 esas actuacións chegaron xa a 9.935 persoas.

Este investimento inscribese na aposta da Xunta pola inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos. De feito, en 2012 véñense de reforzar estas liñas de actuación, a través do incremento do orzamento da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) nun 13 por cento, ata chegar aos 25,2 millóns de euros; do aumento das axudas de

emerxencia social nun 3 por cento; e a subida tamén da orde de albergues e comedores sociais nun 29,3 por cento.

Ademais, co fin de artellar unha verdadeira política de inclusión e inserción laboral que evite a cronificación destes casos, o Consello da Xunta xa aprobou a nova Lei de inclusión de Galicia, que xa empezou o seu trámite parlamentario.

O CONSELLO DA XUNTA AVALÍA A MEMORIA ANUAL DO 2011 APROBADA RECENTEMENTE POLO PLENO DO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

- ***A memoria de 2011 desenvolve un total de seis capítulos que recollen a actividade anual do Consello Consultivo, as suxestións prantexadas, e os ditames solicitados (un total de 646 en 2011) e emitidos***
- ***A finalidade deste documento que o Consultivo fai público cada ano é recoller a súa actividade anual e as suxestións que se poidan prantexar para mellorar a actuación administrativa da Comunidade Autónoma***

O Consello da Xunta avaliou, na súa reunión de hoxe, a memoria anual de 2011 do Consello Consultivo de Galicia, que foi aprobada polo pleno deste organismo o pasado 16 de maio e remitida agora ao Goberno galego para o seu coñecemento. A finalidade deste documento que o Consultivo fai público cada ano é recoller a súa actividade anual e as suxestións que se poidan presentar para mellorar a actuación administrativa da Comunidade Autónoma.

A memoria de 2011 desenvolve un total de seis capítulos. A introdución constitúe o primeiro deles; o segundo recolle a composición e medios cos que conta este organismo para o desenvolvemento da súa actividade, así como as incidencias producidas durante o ano en canto a nomeamentos e cesamentos.

O capítulo 3 presenta os datos estatísticos relativos aos ditames solicitados, que en 2011 foron 646, e emitidos. Están clasificados segundo o órgano solicitante, as materias, o sentido do ditame, a comunicación das resolucións, segundo a súa fórmula de incorporación, as consultas formuladas polo trámite de urxencia, ou os ditames aprazados; e, nun anexo, inclúese unha relación final.

O capítulo 4 está destinado á actividade non consultiva. Inclúe a publicación dos ditames e o desenvolvemento da páxina web e a súa sección de "Novas". Nela, o usuario pode consultar os ditames máis salientables emitidos recentemente e a celebración de encontros, xornadas e seminarios.

O capítulo 5 resume a actividade desenvolvida nos quince anos de funcionamento do Consello Consultivo (1996-2011), relativos aos expedientes ditaminados. E o capítulo 6 recolle as observacións e suxestións sobre os proxectos normativos. Neste caso, inclúe a *Análise do procedemento de elaboración de regulamentos: primeiro ano de aplicación do réxime previsto na LOFAXGA*, e un *Informe tecnolóxico e funcional previsto no artigo 21.2 do Decreto 198/2010, que regula a Administración electrónica*.

Outras suxestións refírense á revisión de oficio de actos administrativos, contratos administrativos ou de responsabilidade patrimonial. Finalmente, introduce dous apuntamentos verbo da tramitación dos expedientes de responsabilidade patrimonial

sanitaria. O documento remata cun anexo no que se inclúe un índice numérico de ditames.

GALICIA AFRONTA ESTE VERÁN COAS RESERVAS DE AUGA NOS ENCOROS DE ABASTECIMENTO AO 96%, POR ENRIBA DA MEDIA PARA ESTAS DATAS

- *Co nivel actual dos encoros, o abastecemento de auga ás grandes poboacións galegas está garantido para todo o verán*
- *O seguimento constante de Augas de Galicia revela que no mes de marzo o caudal dos ríos era da orde do 33% do caudal medio nesta época do ano, pero as chuvias de abril e maio aumentaron significativamente os niveis, ata valores dentro da normalidade*
- *Segundo o informe elaborado por Augas de Galicia, tamén aumentaron os niveis de auga subterránea nos pozos, ata niveis similares ou superiores a 2011*

Os encoros situados nas concas hidrográficas Galicia-Costa e Miño-Sil presentan na actualidade un estado de ocupación normal para esta época do ano, cunha media do 71,15% en xeral, na mesma orde de magnitude que na media dos últimos cinco anos e moi superior ao 63,87% do mesmo momento do ano 2011. Segundo o documento elaborado por Augas de Galicia, do que hoxe foi informado o Consello de Goberno da Xunta, o estado dos encoros de abastecemento é máis favorable que o habitual para estas datas, cunha reserva do 95,97% sobre capacidade de ocupación.

Co nivel actual dos encoros, o abastecemento de auga as grandes poboacións galegas está garantido para todo o verán. Así, o nivel dos encoros de abastecemento está cunha porcentaxe de ocupación superior ao 2011, xa que nestas datas as bacías destinadas a abastecemento roldaban o 86%.

Cómpre sinalar que o preocupante baixo caudal de entrada nos encoros rexistrado ata o mes de abril poñía en risco que se acadaran os máximos niveis de ocupación para a tempada do verán. Por este motivo, en encoros como os de Cecebre, Caldas ou Forcadas permitiuse restrinxir excepcionalmente os caudais de saída. Estas precaucións, unidas ás precipitacións rexistradas dende o mes de abril, permiten describir unha situación actual radicalmente distinta á de hai 2 meses:

Encoro	% ocupación		
	09/04/2012	22/06/2012	Dif.
CECEBRE	62,45	100	37,55
EIRAS	78,78	100	21,22
FORCADAS	86,64	100	13,36
CALDAS DE REIS	67,38	86,63	19,25
ZAMÁNS	82,04	100	17,96
PONTILLÓN	71,44	99,9	28,46
BAIONA	85,37	100	14,63
BECHE	97,43	98,91	1,48
VILAGARCÍA	63,77	86,96	23,19
CACHAMUÍÑA	9,42	13,82	4,4

Caudal dos ríos

Dende Augas de Galicia, a través da rede de aforos, séguese o caudal a niveis de 44 ríos en 47 estacións de aforo. Este seguimento ofreceu datos como o de que no mes de marzo o caudal dos ríos era da orde do 33% do caudal medio nesa época do ano, caudais habituais para o mes de xullo. As chuvias de abril e maio aumentaron significativamente o caudal dos ríos, ata valores dentro da normalidade.

Hai que ter en conta que os caudais dos ríos galegos teñen una variabilidade estacional moi importante, algúns deles incluso maior que noutras bacías hidrográficas do Estado, algo que é contrario á sensación xeneralizada que temos os galegos. Ademais, segundo consta no informe de Augas de Galicia, son ríos moi rápidos, no sentido de que reaccionan con celeridade tanto a chuvias importantes como a secas aínda que os períodos sen chover sexan de poucos meses. Isto é máis acusado canto máis pequeno sexa o río.

No ano 2011 as chuvias do mes de outubro elevaron o caudal dos ríos e os niveis de ocupación dos encoros a valores normais, cunha recuperación moi rápida trala seca sufrida, como cabería esperar. No entanto, os meses de xaneiro, febreiro e marzo volveron a caracterizarse pola escaseza de precipitacións, tanto en intensidade como respecto ao número de días de choiva, e os ríos reaccionaron tamén moi rápido, con descensos moi importantes de caudal.

As chuvias dos meses de abril e maio propiciaron unha volta á normalidade, e de modo coherente co comportamento antes descrito, recuperaron rapidamente os caudais dos ríos. As precipitacións rexistradas no mes abril foron superiores ás da media histórica e no mes de maio mantivéronse nos valores da media, o que leva aos ríos a uns niveis de caudal máis equilibrados.

Auga subterránea

Augas de Galicia está levando a cabo tamén o seguimento dos niveis de auga subterránea cunha rede composta de 25 pezómetros, instalados en varios concellos de Galicia-Costa, dende febreiro do ano pasado. Ten importancia porque un 10% da poboación total de Galicia abastécese a través de redes xestionadas polos veciños e un 13% da poboación de Galicia autoabastécese mediante pozos ou mananciais privados.

Os mínimos nos niveis de case todos os pezómetros producíronse a mediados do mes de outubro de 2011, pero coa chegada das choivas dende finais de outubro a maioría recuperou rapidamente entre un 60 e o 100% dos niveis iniciais. Dende comezos de ano rexistrouse de novo un descenso máis o menos acusado dos niveis, que se recuperaron coas últimas chuvias ata valores similares e incluso superiores aos do ano 2011 por estas datas.

Plan de seca

A día de hoxe, coa situación hidrolóxica descrita anteriormente, cunha recuperación importante dos niveis de auga encorada e uns caudais recuperados a situación hidrolóxica para Galicia é de normalidade.

Nesta situación, en Augas de Galicia faise un seguimento mensual da situación hidrolóxica, avaliándoa para activar as situacións previstas no borrador de Plan de Seca de Galicia – Costa co que se comezou a traballar na situación de seca dos pasados meses. Hai que sinalar que, nesa situación:

- Constituíuse en Augas de Galicia a Oficina Técnica da seca, que emitiu informes periódicos de seguimento da situación con base a indicadores hidrolóxicos e de situación dos encoros.
- O 12 de abril o Consello Reitor de Augas de Galicia declarou a alerta hidrolóxica e adoptou medidas extraordinarias para afrontala, en especial, na eventualidade de que continuara cara ao verán.
 - Habilitou a ferramenta SINA (Sistema de Información e Notificación de Adversos), desenvolvida polo Instituto de Estudos do Territorio, de acordo con Augas de Galicia e a Dirección Xeral de Emerxencias e Protección Civil. Unha plataforma web dende a que as entidades locais, competentes para a prestación do servizo de abastecemento, poderán comunicar e localizar aquelas incidencias que se presenten.
 - Habilitou un procedemento de urxencia para permitir captar auga temporalmente nos lugares indicados por Augas de Galicia.
 - Incidiuse na xestión das entidades subministradoras, comunicóuselles de modo oficial a situación de seca, instándolles á máxima eficacia na xestión do abastecemento e a limitar os usos da auga menos prioritarios.
- O 26 de abril, despois de varios días de chuvias continuadas, a Oficina Técnica da Seca emitiu un informe que rebaixaba a situación a prealerta.
- O 4 de maio reuniuse o Comité Permanente do Consello Reitor de Augas de Galicia. Con base nun novo informe da oficina técnica da seca do 2 de maio acordou declarar a situación de normalidade.

Pola súa banda, a Confederación Hidrográfica do Miño – Sil tamén declarou con data do 21 de marzo de 2012 o estado de Prealerta na súa Demarcación Hidrográfica, e constituíu a súa Oficina Técnica da seca, que se fixo cargo do seu seguimento. De acordo co seu último informe, de data 21 de xuño de 2011, a situación mellorou moi notablemente durante os meses de abril e maio, de forma que actualmente a situación se pode considerar de normalidade hidrolóxica.

Fortaleza das infraestruturas hidráulicas galegas

Segundo consta no informe presentado hoxe no Consello de Goberno da Xunta, hai que destacar que as situacións meteorolóxicas que sucederon, realmente extraordinarias, permitiron comprobar a fortaleza das infraestruturas galegas de regulación e de abastecemento, de modo que se debe destacar que non foi necesario tomar medidas de

restrición da subministración. Ademais, grazas ao continuo fluxo de información transmitido dende o Goberno Galego á cidadanía galega a percepción das secas dos anos 2011 e do inverno 2011-2012 foi intensa, e na poboación prendeu a mensaxe dun uso responsable e consciente da auga, con pequenos xestos que de forma illada poden pasar desapercibidos, pero que conseguen aforros de auga moi importante.

A LICITACIÓN DE 15 NOVOS CENTROS DE SAÚDE E A AMPLIACIÓN DO HOSPITAL DO SALNÉS SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 41,5 MILLÓNS DE EUROS

O Consello da Xunta de Galicia, reunido no día de hoxe vén de abordar un informe da Consellería de Sanidade referido á licitación da construción de 15 novos centros de saúde que pasarán a formar parte da rede do Servizo Galego de Saúde, da ampliación das urxencias e da zona cirúrxica do Hospital do Salnés, así como do mantemento e conservación dos edificios e instalacións, e a subministración enerxética destes.

A licitación dos 15 novos centros de saúde e a ampliación do Hospital do Salnés suporá un investimento total de 41,5 millóns de euros, dos cales 11 millóns corresponde á administración autonómica e o resto a fondos FEDER e fondos AGADER.

De acordo cos prazos previstos no informe, no mes de xullo, licitarase o expediente de contratación e as ofertas poderán presentarse ata a primeira semana do mes de setembro. Estas ofertas avaliaranse ao longo do mes de outubro, para proceder, a comezos do mes de novembro, á adxudicación.

Os centros de saúde que se construírán estarán situados nos concellos da Capela (As Neves), Ares, Arteixo (Villarrodís), Cambre (O Temple), Culleredo, Malpica (Buño), Santiago (Galeras), Barbadás (A Valenzá), Pontedeiva, Ourense cidade (O Couto), Gondomar, Marín, Nigrán (Panxón), Oia e Tui. Ademais, o departamento que dirixe Rocío Mosquera licitará a ampliación das urxencias e da zona cirúrxica do hospital do Salnés.